

SCARLET (L'ENVOL)

Pietro Marcello, 2022

1094

ESTREA EN NUMAX: 14.04.2023 | V.O.S.E. | +12 | 100 min

Juliette medra soa co seu pai Raphaël nalgún lugar do norte de Francia. Alí son marxinados polo resto da vila pero, entre eles, viven en cariñosa harmonía. El é un veterano da Primeira Guerra Mundial que agora se dedica a traballar a madeira con enorme talento. A nena, apaixonada polo canto e a música, coñece un verán a unha feiticeira que lle promete que, algún día, verá no ceo unhas velas escarlatas que a sacarán da súa vila. Juliette nunca deixa de crer nesta profecía.

«Resplandece como un romántico
canto á esperanza»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



Entrevista con Pietro Marcello: «Todo ten un aspecto universal. É unha historia que pertence a todos os sures do mundo»

Scarlet é unha adaptación libro da novela *O veleiro vermello* do escritor soviético Aleksandr Grin. Que é o que lle fixo pensar que nesta novela había un filme por facer? Nunca pensara en adaptar *O veleiro vermello*. Foi o meu produtor, Charles Gillibert, e o seu colaborador, Romain Blondeau, quen, entre outras, me propuxeron a súa lectura. Aleksandr Grin é un autor de novelas de aventuras, naceu a finais do século XIX. Uniuse ao socialismo revolucionario e comezou a súa carreira literaria tras a revolución de 1905. Foi detido moitas veces pola súa actividade política. As súas obras máis importantes foron publicadas despois da revolución de outubro. Pero, pese ao seu éxito, o ton antimilitarista e romántico dos seus libros non lles conviña aos novos tempos e os editores deixaron de publicalos. Morreu na pobreza máis absoluta.

O que nun primeiro momento me interesou da novela foi a relación entre o pai e a filla. Cando a nai morre, é o pai quen se ocupa da nena. O lazo que se crea entre eles apaixonoume. E apaixonoume aínda máis imaxinar que sucede a partir da morte do pai. Porque, na novela, a rapaza pasa dun home, o seu pai, a outro, o seu marido, que chega á súa vida como o príncipe dun conto de fadas. No meu filme quixen que todo sucedese doutra maneira. Un home chega, en efecto. É un aviador, pero non un príncipe. Jean (Louis Garrel) representa para min o prototipo do home moderno. Exactamente o contrario de Raphaël (Raphaël Thiéry), que é como unha rocha. Jean é un home fráxil, inestable e temerario. Ignora cal é o seu lugar no mundo. Juliette non se deixa salvar por el, como unha señorita en apuros. Ao contrario, é ela quen toma a iniciativa, ela quen se decide a bicalo, ela quen o coida e ela, ao final, quen o deixa marchar.

Como foi rodar un filme en Francia e en francés? Mudeime a París coa miña filla hai dous anos. Acababa de rematar *Martin Eden* (2019). E tiña entre mans dous proxectos que debía concluír aos que lles tiña un enorme aprecio: un filme dedicado ao gran cantante Lucio Dalla (*Lucio*) e un filme colectivo (*Futura*), dirixida con Francesco Munzi e Alice Rohrwacher. Seis meses despois de chegar a París xa estaba en Picardía na rodaxe de *Scarlet*. Foi unha aventura, non sen dificultades... En Italia tiña unha rede, sabía a quen tiña que dirixirme para calquera cousa. Polo contrario, ao chegar a Francia estaba só. E non falaba o idioma. Esforceime, o meu produtor foi tomando confianza en min e rematei decidíndome. Polo demais, *Scarlet* é un filme que, no nivel máis fondo do seu argumento, podería ser filmado noutro lugar, en Calabria ou en Campania.

Non é un paradoxo dicir que podería ser rodada noutro lugar nun filme que se enraíza tan profundamente na cultura local do mundo campesiño?

Evidentemente, calquera filme acaba tomando o aspecto do contexto natural, lingüístico e cultural no que a súa historia ten lugar. Pero a esencia de *Scarlet* pertence ao campesiñado en xeral. A relación que une ao pai coa súa filla e con todos os excluídos do pobo polo matriarcado, todo ten un aspecto universal. É unha historia que pertence a todos os sures do mundo e eu sempre miro cara ao sur, porque é algo familiar para min.